

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4332 *Real decreto lei 13/2020, do 7 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de emprego agrario.*

I. Antecedentes e motivación

A situación epidemiolóxica que xerou unha crise sanitaria como consecuencia do COVID-19 en España obrigou a adoptar medidas de saúde pública que alteraron a normalidade no desenvolvemento das relacións sociais, económicas e produtivas. En particular, pódese destacar como a suspensión de todas as actividades non esenciais e as limitacións ao desempeño doutras moitas xeraron un importante aumento do desemprego conxuntural e unha redución da actividade de pemes e autónomos, que resultou especialmente acusada no sector terciario e, moi en particular, no turismo e na hostalaría, dous dos motores económicos do país.

Xunto con esta redución da actividade —e a conseguinte diminución da renda dispoñible de moitas familias— estase a producir unha diminución acusada da oferta de man de obra que habitualmente se ocupa dos labores agrarios como temporeira no campo español, ben por limitacións sanitarias ás viaxes desde os seus países de orixe, ben polas precaucións que moitos deses traballadores están adoptando á vista da evolución da pandemia, o que pode acabar por afectar severamente a capacidade e as condicións de produción dunha parte importante das explotacións agrarias españolas. Esta situación, ademais, vese agravada pola súa coincidencia temporal con varias das campañas de maior actividade e importancia, como a froita de carabuña, os cultivos de verán ou o amorodo.

Esta redución de man de obra, pola súa vez, podería poñer en perigo o actual abastecemento alimentario aos cidadáns, que ata este momento se desenvolveu en condicións de extraordinaria variedade, cantidade e calidade. De se agravaren as perturbacións que xa se empezan a sentir na fase de produción agraria, poderíase poñer en perigo o correcto funcionamento da cadea alimentaria ao completo, coa conseguinte repercusión negativa sobre os consumidores finais, tanto en termos de oferta como de prezo, o que resulta especialmente gravoso dadas as condicións de vida derivadas da situación de crise sanitaria e a redución da renda dispoñible polas perturbacións económicas xerais, especialmente entre a poboación en maior risco de pobreza e exclusión social.

Ante esta situación, adóptanse agora determinadas medidas urxentes de carácter temporal co fin de establecer unha serie de disposicións en materia de emprego agrario que cumpran o triplo obxectivo da garantía última do normal aprovisionamento dos mercados, o mantemento da renda da poboación que máis o necesite e da actividade e sustentabilidade agrarias e a mellora das condicións sociolaborais da poboación (asegurando melloras nos ingresos para as persoas en situación de desemprego ou cesamento de actividade).

É esencial garantir que en orixe existe unha dispoñibilidade de man de obra suficiente para facer fronte ás necesidades dos agricultores e gandeiros, de modo que se asegure a correcta produción, non só en cantidades senón tamén en tempo, do primeiro elo da cadea alimentaria e que, en consecuencia, se asegure que os elos posteriores estarán suficientemente provistos para poderen exercer as súas respectivas tarefas, de modo que se manteña, como ata agora, o fluxo produtivo e que chegue ao consumidor final sen mingua de cantidade e calidade.

As medidas que agora se adoptan, xa que logo, veñen salvagardar desde a orixe o aprovisionamento de alimentos e bebidas dos particulares, de xeito que se garanta ao mercado unha cantidade suficiente de materias primas que se poidan poñer logo no

mercado de modo directo ou que sexan a base para a súa ulterior transformación por parte da industria alimentaria e cheguen, en último termo, ao consumidor.

As especiais condicións do confinamento da poboación e a restrición da mobilidade, acordadas como medida sanitaria ineludible, fan se cabe aínda máis importante que a produción agroalimentaria española se poida desenvolver baixo as mellores condicións posibles dada a situación e asegure un pleno, eficaz e suficiente abastecemento aos cidadáns de produtos alimentarios que se necesiten.

En efecto, boa parte da actividade agraria, base dese aseguramento da cadea alimentaria, depende da utilización de man de obra asalariada, xa sexa de orixe comunitaria xa extracomunitaria, ao se tratar dun sector en que os investimentos en capital son moi importantes e o esforzo na mellora técnica foi fundamental nas últimas décadas, pero que se fundamenta en boa medida no emprego intensivo do factor traballo. Non cabe esquecer que moitos dos cultivos que precisamente se van ver máis afectados pola previsible ausencia de man de obra temporal en cantidades suficientes non son susceptibles de mecanizarse e, polo tanto, corren un risco certo de perderse en caso de que non se habiliten mecanismos suficientes en sede legal para dar cumprida solución ás necesidades percibidas.

Nalgúns casos, os países de orixe habitual desa man de obra estableceron restricións para a saída dos cidadáns do seu país. Noutros casos, sobre todo no que se refire á man de obra intracomunitaria, o temor ao contaxio está disuadindo os desprazamentos. Esta mesma circunstancia é aplicable tamén en moitos casos á man de obra nacional.

Así, obsérvase con preocupación desde os sectores agrícolas que na práctica non sexa posible atender correctamente a demanda de traballadores agrarios. Este problema non é exclusivo de España, senón que tamén se está vendo con preocupación desde Italia, Francia ou Portugal.

A coincidencia temporal dos efectos sobre a mobilidade, impostos polas autoridades sanitarias ou derivados de decisións particulares, como consecuencia da crise sanitaria, coa concentración temporal das necesidades de man de obra temporeira para boa parte das principais producións nacionais, fai necesario adoptar medidas de inmediato que faciliten a solución deste problema. As necesidades de man de obra danse en gran parte dos cultivos estacionais de tempada, co cal non cabe demora na adopción das decisións necesarias para dar adecuada cobertura a esta necesidade sobrevida.

As medidas incluídas neste real decreto lei están orientadas a favorecer a contratación de man de obra para o sector primario. Con elas lógrase, así mesmo, remediar un problema colateral en materia de renda dos particulares que se puidesen ver afectados pola crise sanitaria do coronavirus ocasionada na actualidade, de modo que se habiliten mecanismos para que poidan participar de empregos agrarios. Do mesmo xeito, asegúrase que os responsables das explotacións primarias que se vexan imposibilitados para procederem polas canles ordinarias á provisión de man de obra temporeira suficiente co fin de atender as súas necesidades estacionais encontren un sistema por medio do cal se faga fronte a esta situación conxuntural, evitando ao propio tempo os evidentes problemas que a súa imposibilidade ou elevada dificultade poidan comportar. Isto é especialmente importante tendo en conta o carácter perecedeiro dos produtos agrarios e a necesidade de compasar as contratacións ao ritmo de recolección ou procesamento dos produtos primarios, sen que caiba demora, posto que, a diferenza doutras producións, calquera atraso conduce indefectiblemente non só a inxentes perdas económicas senón, como se indicou, a eventuais problemas de abastecemento do mercado, coa conseguinte alza de prezos para os consumidores e, de ser o caso, insuficiencia de produtos de calidade para o seu consumo.

II. Medidas adoptadas

Para estes efectos, unha das principais vías para aseguralo é a medida recollida nesta norma, que permite a compatibilización da prestación por desemprego ou demais prestacións de carácter social ou laboral co desempeño de tarefas agrarias, de modo que se logre suficiente man de obra na actual conxuntura por parte da poboación próxima aos

lugares de cultivo que poida atender as necesidades laborais sen xerar desprazamentos excesivos e en plena conformidade coas normas de saúde pública acordadas pola autoridade competente, o que, ademais, redundará indirectamente no aumento da renda dispoñible nun momento de especial vulnerabilidade, sen menoscabo da protección social e da saúde pública.

É máis, asegúrase por medio desta norma que calquera traballador que acepte tal contrato temporal non se vexa prexudicado, con independencia de que perciba ou non algún tipo de subsidio, axuda ou prestación de carácter social ou laboral, contributiva ou non contributiva.

Poderán, así mesmo, beneficiarse da compatibilidade coa prestación por desemprego aqueles traballadores cuxos contratos se visen temporalmente suspendidos como consecuencia do peche temporal da actividade, conforme o sinalado no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro. Porén, as medidas de flexibilización deste real decreto lei son incompatibles coas prestacións por desemprego que teñan a súa orixe na aplicación dos artigos 22, 23 e 25 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, dado que o Sistema nacional de emprego xa prové dun mecanismo especial para remediar as necesidades máis perentorias e de carácter estritamente temporal dos traballadores afectados por reducións na actividade dos seus empregadores, neste caso froito da epidemia. Trátase dunha disposición adecuada e proporcional, pois permite unha correcta cohesión de ambos os instrumentos, especialmente tendo en conta que eses expedientes temporais, que teñen unhas características propias e singulares, están chamados a desaparecer nun espazo de tempo o máis breve posible.

Por outro lado, cabe destacar que se permite, así mesmo, que se acollan a este sistema os traballadores migrantes cuxos permisos de traballo conclúan no período comprendido entre a declaración do estado de alarma e o 30 de xuño de 2020, co que se asegura que man de obra con suficiente experiencia poida alongar os seus permisos de traballo e maximizar as posibilidades de emprego para eles e de recolección e tratamento para os seus empregadores, así como dos mozos e mozas nacionais de terceiros países, que se encontren en situación regular, entre os 18 e os 21 anos.

Para poder acceder a este tipo de contratos, o empresario deberá asegurar en todo momento a dispoñibilidade de medios de prevención apropiados fronte ao COVID-19. Así mesmo, os traballadores contratados deberán ter o seu domicilio (ou o lugar de residencia temporal) nalgunha localidade próxima ao lugar en que se oferte o contrato de traballo. Establécese, así mesmo, como medida de reforzo da saúde pública e da transparencia a necesidade de que o salario se aboe por transferencia bancaria na conta indicada polo traballador no contrato. En todo caso, a remuneración mínima que se debe aplicar, con independencia do sector de onde proceda o traballador, debe ser a que corresponda segundo o convenio colectivo vixente que resulte de aplicación e, en todo caso, o SMI recollido no Real decreto 231/2020, do 4 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2020.

As delegacións e, se for o caso, as subdelegacións do Goberno establecerán os mecanismos de coordinación precisos co Sistema nacional de emprego e cos axentes sociais para asegurar a correcta aplicación do disposto neste real decreto lei.

Polo demais, incorpóranse determinadas modificacións puntuais en materia de seguridade social do Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública; do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, e do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, destinadas a clarificar a redacción e a desenvolver aspectos concretos de xestión das prestacións establecidas neles e de flexibilización de trámites, de acordo coa situación de excepcionalidade.

Ante o peche das oficinas de atención e información ao cidadán das distintas entidades xestoras da Seguridade Social e das oficinas de prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal, adóptanse determinadas medidas extraordinarias de simplificación para a tramitación dos procedementos que lles permitan ás entidades xestoras resolveren de forma provisional en materia de prestacións da Seguridade Social e de protección social.

Modifícase a disposición adicional décimo quinta do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, que incorpora ao ordenamento xurídico os efectos da compatibilidade da pensión de xubilación co nomeamento como persoal estatutario dos profesionais sanitarios realizado ao abeiro da Orde SND/232/2020, do 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Non obstante, e valorando o esforzo que este colectivo está a realizar, cómpre ampliar a cobertura da protección da Seguridade Social a todas as continxencias, tanto por enfermidade común como por enfermidade profesional e por accidente sexa ou non de traballo, incluído o accidente *in itinere*, e non serán de aplicación a estes profesionais, durante o tempo que permanezan neste réxime de compatibilidade, os límites de protección que as normas da Seguridade Social prevén para a xubilación activa, o que provoca a necesidade de modificar os números 4 e 5 da disposición adicional citada.

Ante a situación de emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19, resulta necesario estimular a fabricación de produtos sanitarios, así como a investigación clínica tanto en relación con medicamentos como con produtos sanitarios, co obxecto de xerar coñecemento na prevención, tratamento e control da enfermidade e lograr o abastecemento dos produtos necesarios para o tratamento inmediato dos afectados.

Para iso resulta indispensable, durante a situación de emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19, establecer a non aplicación das taxas previstas nos procedementos de autorización de ensaios clínicos para a investigación de medicamentos relacionados coa crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, nos procedementos de licenza previa de funcionamento, en relación con licenzas excepcionais para a fabricación dos produtos sanitarios necesarios para a protección da saúde pública e para garantir o abastecemento na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como nos procedementos de autorización de investigacións clínicas con produtos sanitarios, realizadas en relación coa crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Finalmente, e durante a vixencia do estado de alarma e co propósito de que todos os mutualistas da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado e da Mutualidade Xeral Xudicial que neste período comecen ou continúen nunha situación de incapacidade temporal sigan percibindo as súas retribucións, considérase necesario ditar normas temporais de actuación aos órganos de persoal para dar cobertura á tramitación e ao aboamento de todas as situacións de incapacidade temporal.

Encontrámonos, pois, ante medidas que, ademais de non admitiren demora para poderen ser eficaces na súa aplicación, supoñen alteracións do ordenamento completamente xustificadas e de carácter estritamente temporal, de modo que se permita dar solución ás necesidades sobrevidas para as campañas agrarias máis inmediatas. Ao se incorporaren excepcións á regulación en vigor para determinados casos durante o prazo imprescindible (ata o 30 de xuño), queda plenamente xustificada o emprego da figura do real decreto lei, como a continuación se xustifica e, ademais, ponse de manifesto a proporcionalidade destas medidas en relación cos prexuízos que se poderían causar e que coa súa aprobación se evitan, e a acción pública destinada á protección das rendas, o sector produtivo –que a realidade demostrou que é estratéxico e esencial– e o abastecemento pleno aos cidadáns.

III. *Cumprimento dos requisitos constitucionais do real decreto lei*

En relación co emprego do real decreto lei como instrumento para a introdución destas modificacións no ordenamento, débense ter en conta dous aspectos referidos ás materias vedadas a este instrumento normativo e á concorrencia dos presupostos habilitantes que xustifican a utilización desta clase de norma. En relación cos primeiros, como sinala o

artigo 86.1 da nosa Constitución, os reais decretos lei «non poderán afectar o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral». No caso deste real decreto lei non se afecta ningunha destas materias.

En efecto, as regulacións que se incorporan á norma non supoñen unha afección do núcleo esencial de ningún dos anteriores elementos, posto que non se regula ningunha institución básica do Estado, non se afecta a natureza dos dereitos e deberes dos cidadáns, non se incorporan afeccións ao réxime das comunidades autónomas posto que non é obxecto de ningunha destas medidas, e tampouco ten ningunha relación co réxime electoral, de forma que nada hai no seu contido que obste para a súa aprobación neste punto.

Polo que respecta á concorrencia dos presupostos habilitantes de extraordinaria e urxente necesidade, débese ter en conta a doutrina do noso Tribunal Constitucional, sintetizada no fundamento xurídico 4 da Sentenza 61/2018, do 7 de xuño de 2018. Conforme esta, requírense, por un lado, «a presentación explícita e razoada dos motivos que tivo en conta o Goberno na súa aprobación», é dicir, o que se denominou a situación de urxencia; por outro, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala». Como sinala o Tribunal Constitucional, xeralmente «veuse admitindo o uso do decreto lei en situacións que se cualificaron como «conxunturas económicas problemáticas», para cuxo tratamento representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para conseguir o fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro que remediar «situacións concretas dos obxectivos gobernamentais que, por razóns difíciles de prever, requiran unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis» (SSTC 31/2011, do 17 de marzo, FX 4; 137/2011, do 14 de setembro, FX 6, e 100/2012, do 8 de maio, FX 8). Finalmente, tamén se debe advertir que o feito de que se considere unha reforma estrutural non impide, por si soa, a utilización da figura do decreto lei, pois o posible carácter estrutural do problema que se pretende atallar non exclúe que o dito problema se poida converter nun momento dado nun suposto de extraordinaria e urxente necesidade que xustifique a aprobación dun decreto lei, o que deberá ser determinado atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso (STC 137/2011, FX 6; reiterado en SSTC 183/2014, FX 5; 47/2015, FX 5, e 139/2016, FX 3)».

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F 4; 137/2003, do 3 de xullo, F 3, e 189/2005, do 7 de xullo, F 3; 68/2007, F 10, e 137/2011, F 7) e concorre neste caso, o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns imposibles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno. O devir da crise sanitaria fai imprescindible adoptar unhas medidas que en condicións normais non serían necesarias e que só poden ser adoptadas eficazmente mediante un real decreto lei.

En consecuencia, pódese asegurar que existe unha conexión directa entre a urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala: as medidas laborais acordadas non poderían esperar a unha tramitación parlamentaria posto que os efectos sobre a produción agroalimentaria e o correspondente abastecemento á poboación serían demasiado gravosos polo atraso. A proximidade da entrada en vigor deste real decreto lei resulta tamén oportuna, posto que outra alternativa requiriría dun prazo moi superior no tempo. Esta acción normativa urxente asegura a puntual modificación legal descrita nun prazo máis breve que o requirido para a tramitación parlamentaria das leis, ben sexa polo procedemento ordinario ben polo de urxencia (SSTC 68/2007, FX 10, e 137/2011, FX 7).

Cabe recoñecer, pois, a existencia da necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e as medidas concretas adoptadas para remediala mediante o real decreto lei

(SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3, e 137/2003, do 3 de xullo, FX 4). Como se indicou, existe unha íntima conexión entre a insuficiencia de man de obra temporal para atender as máis inmediatas necesidades da recolección coas consecuencias descritas en termos de subministración á poboación, mantemento das explotacións e aseguramento de renda dos particulares, e a decisión de permitir en certos casos a flexibilización das condicións para acceder a tal relación laboral. Do mesmo modo, no caso das medidas complementarias adoptadas por medio da parte final da norma, concorren idénticas condicións de urxencia e de conexión entre a situación da epidemia no noso país coa necesidade de atender a un funcionamento simplificado e áxil dos servizos de seguridade social e de mutualismo administrativo.

Polo demais, cómpre ter en conta que este real decreto lei se limita ás medidas máis perentorias co fin de dar unha resposta adecuada e suficiente dentro das marxes da necesaria proximidade que acompañan tal figura, pero que se deberá enmarcar necesariamente no conxunto de medidas que o Goberno da nación xa está a levar a cabo neste ámbito.

Acerca da posibilidade de incluír medidas que en principio non requirirían para a súa adopción unha norma con rango de lei, cabe lembrar que na medida en que no noso sistema xurídico, a diferenza do que sucede nalgúns países da nosa contorna, non existe un ámbito material suxeito a reserva regulamentaria, é xuridicamente posible regular estas cuestións mediante unha norma con rango de lei; esta decisión considerouse imprescindible pola urxente necesidade da súa aprobación, só atendible a través da figura do real decreto lei e pola íntima conexión entre os preceptos non afectados pola reserva de lei co conxunto do proxecto.

Así mesmo, pola súa finalidade e polo marco de exixencia temporal en que se dita, concorren neste real decreto lei as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas polo artigo 86 da Constitución española.

IV. *Adecuación aos principios de boa regulación*

Por todo o anterior, este real decreto lei configúrase de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade e seguridade xurídica recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste sentido, esta modificación é necesaria e eficaz por canto é preciso introducir neste momento os cambios máis urxentes para solucionar estas necesidades e non existe outro mecanismo máis que o dunha norma con rango de lei. En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación está exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas. Así mesmo, resulta proporcional e transparente porque esta modificación introduce só os elementos necesarios para a salvagarda do interese público neste momento, e tamén se garante o principio de seguridade xurídica ao asegurar un correcto encaixe do conxunto de medidas. Finalmente, o principio de eficiencia considérase cumprido xa que non se impoñen novas cargas administrativas que non sexan imprescindibles fronte á regulación actual.

En canto aos títulos competenciais que o amparan, o disposto neste real decreto lei dítase ao abeiro da habilitación contida na regra 7.^a do artigo 149.1 da Constitución española, pola que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte dos órganos das comunidades autónomas; na regra 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica; na regra 18.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e a competencia en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na regra 17.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas. A disposición adicional sexta

dítase ao abeiro da regra 14.^a do artigo 149.1, que lle outorga ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral e débeda do Estado.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de abril de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto lei ten por obxecto favorecer a contratación temporal de traballadores no sector agrario mediante o establecemento de medidas extraordinarias de flexibilización do emprego, de carácter social e laboral, necesarias para asegurar o mantemento da actividade agraria, durante a vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que será de aplicación temporal ata o 30 de xuño de 2020.

Os contratos laborais afectados por esta medida serán todos aqueles de carácter temporal para desenvolver actividades en réxime de alleidade e dependencia en explotacións agrarias comprendidas en calquera dos códigos da CNAE propios da actividade agraria, con independencia da categoría profesional ou da ocupación concreta do empregado, cuxa sinatura e finalización estean comprendidas no período indicado no parágrafo anterior.

Artigo 2. *Beneficiarios das medidas extraordinarias de flexibilización laboral.*

1. Poderán ser beneficiarias das medidas de flexibilización de carácter temporal as persoas que no momento da entrada en vigor do real decreto lei se encontren en calquera das seguintes situacións:

- a) Persoas en situación de desemprego ou cesamento de actividade.
- b) Traballadores cuxos contratos se visen temporalmente suspendidos como consecuencia do peche temporal da actividade conforme o sinalado no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, nos termos sinalados no artigo 3.1.b).
- c) Traballadores migrantes cuxo permiso de traballo conclúa no período comprendido entre a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e o 30 de xuño de 2020, cuxa prórroga se determinará a través de instrucións da Secretaría de Estado de Migracións.
- d) Así mesmo, poderanse acoller mozos e mozas nacionais de terceiros países, que se encontren en situación regular, entre 18 e 21 anos.

2. Poderanse beneficiar das medidas de flexibilización aprobadas por este real decreto lei as persoas cuxos domicilios se encontren próximos aos lugares en que se deba realizar o traballo. Entenderase que existe en todo caso proximidade cando o domicilio do traballador ou o lugar en que pernocte temporalmente mentres se desenvolve a campaña estea no mesmo termo municipal ou en termos municipais limítrofes do centro de traballo. As comunidades autónomas poderán axustar este criterio en función da estrutura territorial, tendo en conta o despoboamento ou a dispersión de municipios.

Artigo 3. *Compatibilidade de prestacións laborais.*

As retribucións percibidas pola actividade laboral que se desempeñe ao abeiro das medidas extraordinarias de flexibilización do emprego establecidas neste real decreto lei serán compatibles:

a) Co subsidio por desemprego regulado no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, ou coa renda agraria regulada no Real decreto 426/2003, do 11 de abril, polo que se regula a renda agraria para os traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social residentes nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura.

b) Coas prestacións por desemprego derivadas da suspensión por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme o previsto no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, con exclusión daquelas que teñan a súa orixe nas medidas previstas nos artigos 22, 23 e 25 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

c) Con calquera outra prestación por desemprego regulada no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

d) Coas prestacións por cesamento de actividade motivadas polas causas previstas no artigo 331 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, con exclusión daquelas que teñan a súa orixe na medida prevista no artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

e) Con calquera outra prestación de carácter económico ou calquera outro beneficio ou axuda social outorgados por calquera Administración que sexa incompatible co traballo ou que, sen selo, como consecuencia da percepción de ingresos pola actividade laboral se excederían os límites de renda sinalados na normativa correspondente ao tipo de prestación.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, serán incompatibles coas prestacións económicas da Seguridade Social por incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural. Así mesmo, serán incompatibles coas pensións de incapacidade permanente contributiva, salvo os supostos de compatibilidade previstos no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Serán incompatibles coa prestación por nacemento e coidado de menor da Seguridade Social, ben que, salvo polo que respecta ao período obrigatorio da nai biolóxica a continuación do parto, o período obrigatorio, ou a parte que reste del, se poderá desfrutar desde o día seguinte ao da finalización das prestacións previstas neste real decreto lei.

Os ingresos obtidos por esta actividade laboral non se terán en conta para efectos dos límites de rendas establecidos para as prestacións contributivas ou non contributivas da Seguridade Social, incluídos os complementos por mínimos das pensións contributivas.

Artigo 4. *Obrigacións do empresario.*

O empresario deberá asegurar en todo momento a dispoñibilidade de medios de prevención apropiados fronte ao COVID-19.

Artigo 5. *Tramitación.*

1. As administracións competentes e os axentes sociais promoverán a contratación das persoas que se encontren nas circunstancias descritas, especialmente en canto á proximidade prevista no artigo 2.2.

2. As ofertas de emprego que sexa necesario cubrir en cada localidade serán comunicadas polas empresas e empregadores aos servizos públicos de emprego autonómicos competentes, que as xestionarán para darlles cobertura de maneira urxente

coas persoas beneficiarias a que fai referencia o artigo 2 do presente real decreto lei, asegurando, en todo caso, que cumpran os requisitos do artigo 2.2.

3. Os servizos públicos de emprego autonómicos, naquelas localidades ou municipios en que o número de demandantes de emprego supere a oferta dispoñible de traballadores, establecerán os colectivos prioritarios para cubrila. Como criterios prioritarios para xestionar as ditas ofertas de emprego teranse en conta os seguintes:

- a) Persoas en situación de desemprego ou cesamento de actividade que non perciban ningún tipo de subsidio ou prestación.
- b) Persoas en situación de desemprego ou cesamento de actividade que perciban unicamente subsidios ou prestacións de carácter non contributivo.
- c) Persoas en situación de desemprego ou cesamento de actividade perceptoras de subsidios por desemprego ou prestacións de carácter social ou laboral.
- d) Migrantes cuxos permisos de traballo e residencia expirasen durante o período comprendido entre a declaración do estado de alarma e o 30 de xuño de 2020.
- e) Mozos e mozas nacionais de terceiros países, que se encontren en situación regular, entre os 18 e os 21 anos.

4. As empresas e os empregadores comunicarán aos servizos públicos de emprego autonómicos competentes as contratacións acollidas ao presente real decreto lei na forma habitual, consignando o identificador específico da oferta que lles asignasen. O Servizo Público de Emprego Estatal identificará estes contratos e remitirá a información ás autoridades correspondentes, ás administracións públicas competentes e, en todo caso, á autoridade laboral, á Inspección de Traballo e Seguridade Social e á Secretaría de Estado de Migracións.

5. O Servizo Público de Emprego Estatal restablecerá de oficio as prestacións por desemprego que se visen suspendidas polos procesos automáticos de intercambio de información previstos coas bases de datos de afiliación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa base de datos de contratos do Sistema nacional de emprego, cando se trate de contratos subscritos de acordo co previsto neste real decreto lei.

No caso de perceptores de prestacións por desemprego de traballadores agrarios aos cales lles sexa de aplicación o sistema unificado de pagamento, non se terán en conta as xornadas reais traballadas nestas contratacións, para os efectos de determinar a contía e os días de dereito consumidos.

6. O salario aboarase por transferencia bancaria na conta indicada polo traballador no contrato subscrito co empregador. En todo caso, a remuneración mínima que se debe aplicar, con independencia do sector de onde proceda o traballador, debe ser a que corresponda segundo o convenio colectivo vixente que resulte de aplicación e, en todo caso, o SMI recollido no Real decreto 231/2020, do 4 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2020.

Disposición adicional primeira. *Coordinación e seguimento.*

1. As delegacións e, se for o caso, as subdelegacións do Goberno, en coordinación cos órganos competentes das comunidades autónomas e do resto das administracións públicas, establecerán os mecanismos de coordinación e participación precisos para garantir a correcta aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei.

2. Así mesmo, corresponderá ás delegacións e, se for o caso, ás subdelegacións de Goberno realizar o seguimento da aplicación nos territorios afectados do establecido neste real decreto lei, a partir da información subministrada polas autoridades correspondentes.

Disposición adicional segunda. *Aplicación do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego, e do artigo 342 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

No período comprendido desde a entrada en vigor deste real decreto lei ata o 30 de xuño de 2020 non serán de aplicación o sinalado no artigo 15 do Real decreto 625/1985,

do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego, nin o réxime de incompatibilidades previsto no artigo 342 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, aos traballadores contratados ao abeiro do sinalado neste real decreto lei.

Disposición adicional terceira. *Medidas de simplificación para a tramitación dos procedementos das entidades xestoras da Seguridade Social como consecuencia da declaración do estado de alarma.*

Adóptanse as seguintes medidas extraordinarias de simplificación para a tramitación dos procedementos que lles permitan ás entidades xestoras da Seguridade Social resolveren de forma provisional en materia de prestacións da Seguridade Social:

1. No suposto de que a persoa interesada careza de certificado electrónico ou clave permanente, a canle de comunicación a través da cal poderá exercer os seus dereitos, presentar documentos ou realizar calquera trámite ou solicitar servizos encóntrase situado na sede electrónica da Seguridade Social sede.seg-social.gob.es, mediante o «acceso directo a trámites sen certificado», accesible desde a web da Seguridade Social www.seg-social.es e, en función da entidade xestora competente para xestionar as prestacións, a través das ligazóns establecidas para o efecto. A información manterase permanentemente actualizada a través da web da Seguridade Social www.seg-social.es.

Para o INSS: <http://run.gob.es/cqsjmb>.

Para o ISM: <http://run.gob.es/lpifqh>.

2. No suposto de que a persoa interesada careza de certificado electrónico ou clave permanente, admitirase provisionalmente a identidade declarada polo interesado, sen prexuízo das comprobacións que poida facer a entidade xestora a través dos medios xa establecidos para verificar a identidade mediante o acceso ao sistema SVDIR, que implementa a verificación e a consulta dos datos de identidade, regulado no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, e a verificación de datos de residencia, regulado no Real decreto 523/2006, do 28 de abril, así como a consulta de datos do padrón (Secopa) utilizando o marco Pros@ das aplicacións corporativas da Seguridade Social e outros medios similares.

As entidades xestoras poderán consultar ou obter a información e os documentos que xa se encontren en poder das administracións públicas, salvo que o interesado se opoña a iso, nos termos e coas excepcións establecidas no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. No suposto de que o interesado careza de sinatura electrónica, deberá deixar constancia expresa da súa vontade ou consentimento á tramitación do seu expediente.

4. Naqueles supostos en que, debido ao peche de oficinas públicas, o interesado non poida presentar o documento preceptivo ou observar o procedemento habitual establecido para o efecto, deberá achegar documentos ou probas alternativos que, de ser o caso, consten no seu poder da concorrencia dos requisitos ou condicións exixidos no procedemento para o recoñecemento ou revisión do dereito, sen prexuízo da obrigaçión de presentar os documentos preceptivos unha vez que deixe de estar vixente o estado de alarma.

5. Se o interesado non ten ou non pode obter documentos alternativos que acrediten o seu dereito, poderase admitir unha declaración responsable, segundo o previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre os datos ou documentos que pretenda facer valer, sen prexuízo da obrigaçión de presentar con posterioridade os documentos acreditativos dos feitos ou datos alegados e a revisión das prestacións recoñecidas con carácter provisional.

6. De acordo coa solicitude presentada e cos documentos, de ser o caso, achegados, a entidade xestora efectuará as comprobacións correspondentes e ditará a resolución provisional que sexa procedente en que estimará ou desestimará o dereito.

As entidades xestoras da Seguridade Social revisarán todas as resolucións provisionais de recoñecemento ou revisión de prestacións adoptadas baixo este réxime transitorio. De

ser o caso, efectuarase o aboamento daquelas cantidades que resulten procedentes tras a oportuna revisión. No suposto de que, tras estas actuacións, se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse as actuacións necesarias co fin de reclamar as cantidades indebidamente percibidas.

Disposición adicional cuarta. *Medidas de simplificación para a tramitación dos procedementos do Servizo Público de Emprego Estatal e do Instituto Social da Mariña como consecuencia da declaración do estado de alarma.*

1. Adóptanse as seguintes medidas extraordinarias de simplificación para tramitar os procedementos que lles permitan ao Servizo Público de Emprego Estatal e ao Instituto Social da Mariña resolveren de forma provisional as solicitudes de prestacións por desemprego presentadas polos cidadáns:

a) No suposto de que a persoa interesada careza de certificado electrónico ou clave permanente, poderá formalizar a súa solicitude provisional de acceso á protección por desemprego a través do «Formulario de pre-solicitude individual de prestacións por desemprego», dispoñible na páxina web do Servizo Público de Emprego Estatal e na súa sede electrónica, ou na sede electrónica da Seguridade Social para o suposto de traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

b) Cando se formalice a solicitude provisional por esta vía, admitirase a identidade declarada polo interesado, sen prexuízo das comprobacións que poida facer a entidade xestora, a través dos medios xa establecidos, para verificar a identidade mediante o acceso ao sistema SVDIR, que pon en práctica a verificación e a consulta dos datos de identidade, regulado no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, e a verificación de datos de residencia, regulado no Real decreto 523/2006, do 28 de abril, así como a consulta de datos do padrón (Secopa) utilizando o marco Silcoiweb das aplicacións corporativas do Servizo Público de Emprego Estatal e outros medios similares.

c) A entidade xestora poderá consultar ou obter a información e os documentos necesarios para o recoñecemento das prestacións que xa se encontren en poder das administracións públicas.

d) No suposto de que o interesado careza de sinatura electrónica, deberá deixar constancia expresa da súa vontade ou consentimento á tramitación do seu expediente.

e) Naqueles supostos en que, debido ao peche de oficinas públicas, o interesado non poida presentar a documentación exixida ou observar o procedemento habitual establecido para o efecto, deberá achegar documentos ou probas alternativos que, se for o caso, consten no seu poder, que acrediten a concorrencia dos requisitos ou condicións exixidos no procedemento para o recoñecemento ou a revisión do dereito ás prestacións por desemprego, sen prexuízo da obrigaçión de presentar os documentos preceptivos unha vez que desaparezan as restricións provocadas polo estado de alarma.

f) Cando o interesado non dispoña dos documentos alternativos que acrediten o seu dereito á prestación, nin os poida obter, poderá presentar unha declaración responsable, segundo o previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre os datos ou documentos que pretenda facer valer, sen prexuízo da obrigaçión de presentar con posterioridade os documentos acreditativos dos feitos ou datos alegados.

g) De acordo coa solicitude presentada e cos documentos, de ser o caso, achegados, a entidade xestora efectuará as comprobacións correspondentes e ditará a resolución provisional que sexa procedente, en que se estimará ou desestimará o dereito.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal e o Instituto Social da Mariña, respectivamente, revisarán as resolucións provisionais de recoñecemento ou de revisión de prestacións adoptadas baixo este réxime transitorio.

Se, como resultado da revisión efectuada, se comproba que a prestación non foi recoñecida nos termos establecidos na lei, iniciaranse o procedemento de reclamación das cantidades indebidamente percibidas ou, de ser o caso, aboaranse a prestación que corresponda.

Disposición adicional quinta. *Concesión de licenzas e aboamento de retribucións aos mutualistas de Muface e Muxexu en situación de incapacidade temporal durante a vixencia do estado de alarma.*

Durante a vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e das súas prórrogas, sen prexuízo do establecido no artigo 21 do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, e nas súas normas de desenvolvemento, e o artigo 20 do texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de seguridade social do persoal ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, os órganos de persoal axustaranse ao previsto nesta disposición respecto dos funcionarios mutualistas de Muface e de Muxexu que se encontren ou iniciasen a situación de incapacidade temporal.

1. Se a incapacidade temporal se iniciou con anterioridade á declaración do estado de alarma:

a) Para os mutualistas de Muface que non alcanzasen o día 91.º da situación de incapacidade temporal, os órganos de persoal:

i. Continuarán emitindo licenzas por enfermidade mesmo cando non dispoñan do parte de baixa acreditativo do proceso patolóxico e da asistencia sanitaria.

ii. Solicitarán posteriormente o parte de baixa, cando poida ser expedido polo facultativo da entidade ou servizo público de saúde.

iii. Comunicarán a Muface, mediante a aplicación informática habitual, a emisión das licenzas con referencia aos períodos temporais a que correspondan.

b) Para os mutualistas de Muface que alcancen o día 91.º da situación de incapacidade temporal durante a vixencia do estado de alarma, e para os mutualistas de Muxexu na mesma situación a partir do día 181.º da situación de incapacidade temporal, os órganos de persoal:

i. Continuarán emitindo licenzas por enfermidade, mesmo cando non dispoñan do parte de baixa acreditativo do proceso patolóxico e da asistencia sanitaria.

ii. Solicitarán posteriormente o parte de baixa cando poida ser expedido polo facultativo da entidade ou servizo público de saúde.

iii. Comunicarán a Muface e a Muxexu polo procedemento habitual, a través da aplicación informática habitual, os períodos temporais a que corresponden as licenzas

iv. Seguirán aboando o 100 % das retribucións, sen efectuar o desconto das retribucións complementarias ata que non finalice o estado de alarma.

v. Muface e Muxexu compensarán as cantidades equivalentes ao subsidio de incapacidade temporal á entidade que continuase aboando estas retribucións con posterioridade e logo de acreditación do cumprimento dos requisitos. Esta realizarase mediante o ingreso das ditas cantidades no Tesouro ou na caixa da entidade pagadora.

2. Se a situación de incapacidade temporal se iniciase durante o estado de alarma, os órganos de persoal:

a) Poderán emitir a licenza inicial e, se for o caso, as súas prórrogas, mesmo cando non dispoñan do parte de baixa acreditativo do proceso patolóxico e da asistencia sanitaria.

b) Recadarán posteriormente o parte de baixa cando poida ser expedido polo facultativo da entidade ou servizo público de saúde.

c) Comunicarán a situación de incapacidade temporal a Muface e Muxexu mediante a aplicación informática habitual, no caso de Muface, e mediante o procedemento utilizado de maneira habitual con Muxexu.

Disposición adicional sexta. *Exención de taxas con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

1. Durante a situación de emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19 non serán de aplicación as taxas establecidas no «grupo V. Investigación clínica» do artigo 123.1 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, en relación cos procedementos de autorización de ensaios clínicos para a investigación de medicamentos relacionados coa crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, cando non concorra ánimo comercial, conforme o previsto no artigo 2.2.e) do Real decreto 1090/2015, do 4 de decembro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos, os comités de ética da investigación con medicamentos e o Rexistro Español de Estudos Clínicos, así como naqueles ensaios clínicos en que o promotor sexa unha Administración pública.

2. Durante a situación de emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19 non será de aplicación a taxa establecida na epígrafe 8.12 do grupo VIII do artigo 123.1 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, en relación cos procedementos de licenza previa de funcionamento, respecto daquelas licenzas excepcionais outorgadas pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios para a fabricación dos produtos sanitarios necesarios para a protección da saúde pública e para garantir o abastecemento na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

3. Durante a situación de emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19 non será de aplicación a taxa establecida na epígrafe 8.19 do grupo VIII do artigo 123.1 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, en relación cos procedementos de autorización de investigacións clínicas con produtos sanitarios, realizadas en relación coa crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a disposición adicional vixésimo primeira do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública.*

O artigo quinto do Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo quinto. *Consideración excepcional como situación asimilada a accidente de traballo dos períodos de illamento, contaxio ou restrición nas saídas do municipio onde teñan o domicilio das persoas traballadoras como consecuencia do virus COVID-19.*

1. Co obxecto de protexer a saúde pública, consideraranse, con carácter excepcional, situación asimilada a accidente de traballo, exclusivamente para a prestación económica de incapacidade temporal do sistema da Seguridade Social, aqueles períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras provocados polo virus COVID-19, salvo que se probe que o contaxio da enfermidade se contraeu con causa exclusiva na realización do traballo nos termos que sinala o artigo 156 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, caso en que será cualificada como accidente de traballo.

Co mesmo carácter excepcional, con efectos desde o inicio da situación de restrición da saída do municipio onde teñan o domicilio, e mediante o correspondente

parte de baixa, estenderase esta protección a aqueles traballadores que se vexan obrigados a desprazarse de localidade para prestaren servizos nas actividades non afectadas polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, sempre que a autoridade competente acordase restrinxir a saída de persoas do municipio onde os ditos traballadores teñan o seu domicilio e lles fose denegada de forma expresa pola autoridade competente a posibilidade de desprazarse, non poidan realizar o seu traballo de forma telemática por causas non imputables á empresa para a cal prestan os seus servizos ou ao propio traballador e non teñan dereito a percibir ningunha outra prestación pública.

A acreditación do acordo de restrición da poboación onde se ten o domicilio e a denegación da posibilidade de desprazamento realizárase mediante certificación expedida polo concello do domicilio ante o correspondente órgano do servizo público de saúde. De igual forma, a imposibilidade de realización do traballo de forma telemática acreditarase mediante unha certificación da empresa ou unha declaración responsable, no caso dos traballadores por conta propia, ante o mesmo órgano do Servizo Público de Saúde.

2. A duración desta prestación excepcional virá determinada polo parte de baixa e pola correspondente alta.

Nos casos de restrición nas saídas do municipio onde teñan o domicilio, de se tratar das persoas traballadoras por conta allea ás cales se refire o artigo 1 do Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, expedirase un parte de baixa con efectos desde a data de inicio da restrición e un parte de alta con efectos de 29 de marzo de 2020. De se tratar de traballadores por conta propia ou autónomos, o dereito á prestación comezará co parte de baixa desde a data de inicio da restrición e durará ata a data de finalización da restrición. Este subsidio por incapacidade temporal é incompatible co dereito a unha prestación da Seguridade Social, incluída a incapacidade temporal por continxencias comúns ou profesionais.

3. Poderá causar dereito a esta prestación a persoa traballadora por conta propia ou allea que se encontre na data do feito causante en situación de alta en calquera dos réximes da Seguridade Social.

4. A data do feito causante será a data en que se acorde o illamento, restrición ou enfermidade do traballador, sen prexuízo de que o parte de baixa se expida con posterioridade a esa data.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

O artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Prestación extraordinaria por cesamento de actividade para os afectados pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

1. Con carácter excepcional e vixencia limitada ata o último día do mes en que finalice o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria

ocasionada polo COVID-19, terán dereito a unha prestación extraordinaria por cesamento de actividade:

a) Os traballadores autónomos incluídos no réxime especial de traballadores autónomos, os traballadores autónomos agrarios incluídos no Sistema especial para traballadores por conta propia agrarios e os traballadores autónomos incluídos no réxime especial de traballadores do mar cuxas actividades queden suspendidas en virtude do previsto no mencionado real decreto.

b) Os traballadores autónomos incluídos no réxime especial de traballadores autónomos, os traballadores autónomos agrarios incluídos no Sistema especial para traballadores por conta propia agrarios e os traballadores autónomos incluídos no réxime especial de traballadores do mar que non cesen na súa actividade e cuxa facturación no mes natural anterior a aquel en que se solicita a prestación se vexa reducida, polo menos, nun 75 por cento en relación coa media de facturación do semestre natural anterior, sempre que non se encontren nalgúns dos supostos recollidos nas alíneas c) e d) seguintes.

c) Os traballadores autónomos agrarios de producións de carácter estacional incluídos no Sistema especial para traballadores por conta propia agrario, así como os traballadores de producións pesqueiras, marisqueiras ou de produtos específicos de carácter estacional incluídos no réxime especial de traballadores do mar, cando a súa facturación media nos meses de campaña de produción anteriores a aquel en que se solicita a prestación se vexa reducida, polo menos, nun 75 por cento en relación cos mesmos meses da campaña do ano anterior.

d) Os traballadores autónomos que desenvolvan actividades nalgún dos seguintes códigos da CNAE 2009: 5912, 5915, 5916, 5920 e entre o 9001 e o 9004, ambos incluídos, sempre que, sen cesaren na súa actividade, a súa facturación no mes natural anterior a aquel en que se solicita a prestación se vexa reducida en, polo menos, un 75 por cento en relación coa efectuada nos 12 meses anteriores.

2. Son requisitos para causar dereito a esta prestación:

a) Estaren afiliados e en alta, na data da declaración do estado de alarma, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

b) No suposto de que a súa actividade non se vexa directamente suspendida en virtude do previsto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, acrediten a redución dos seus ingresos en, polo menos, un 75 por cento, nos períodos recollidos nas alíneas b), c) e d) do número anterior.

c) Estaren ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Non obstante, se na data da suspensión da actividade ou da redución da facturación, como consecuencia da declaración do estado de alarma, non se cumpre este requisito, o órgano xestor invitará o traballador autónomo ao pagamento para que, no prazo improrrogable de trinta días naturais, ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

d) Non será necesario para causaren dereito a esta prestación tramitar a baixa no réxime da Seguridade Social correspondente.

3. A contía da prestación regulada neste artigo determinarase aplicando o 70 por cento á base reguladora, calculada de conformidade co previsto no artigo 339 da Lei xeral da seguridade social, aprobada mediante o Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro. Cando non se acredite o período mínimo de cotización para ter dereito á prestación, a contía da prestación será equivalente ao 70 por cento da base mínima de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, que lles corresponda por actividade.

4. A prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada neste artigo terá unha duración dun mes e ampliarase, se for o caso, ata o último día do mes en que finalice o estado de alarma, no suposto de que este se prorrogue e teña unha duración superior ao mes. O tempo da súa percepción entenderase como cotizado, non existirá obrigación de cotizar e non reducirá os períodos de prestación por cesamento de actividade aos cales o beneficiario poida ter dereito no futuro.

5. Esta prestación será compatible con calquera outra prestación da Seguridade Social que o beneficiario viñese percibindo e fose compatible co desempeño da actividade que desenvolvía.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será incompatible coa percepción das axudas por paralización da frota.

6. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste artigo.

7. A xestión desta prestación corresponderalles ás entidades a que se refire o artigo 346 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

8. No suposto de suspensión da actividade, a cotización correspondente aos días de actividade no mes de marzo de 2020 non cubertos pola prestación regulada neste artigo, que non sexa aboada dentro do prazo regulamentario de ingreso, non será obxecto da recarga prevista no artigo 30 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

9. O recoñecemento da prestación regulada neste artigo poderase solicitar ata o último día do mes seguinte a aquel en que se produciu a finalización do estado de alarma. As entidades xestoras, de acordo coa solicitude presentada e cos documentos, de ser o caso, achegados, ditará a resolución provisional que sexa procedente, en que estimarán ou desestimarán o dereito. Unha vez finalizado o estado de alarma, revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas. No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas.

10. A acreditación da redución da facturación realizarase mediante a achega da información contable que a xustifique, que se poderá facer a través da copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas, do libro diario de ingresos e gastos, do libro rexistro de vendas e ingresos ou do libro de compras e gastos.

Aqueles traballadores autónomos que non estean obrigados a levar os libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución, polo menos, do 75 % exixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

Toda solicitude deberá ir acompañada dunha declaración xurada na cal se faga constar que se cumpren todos os requisitos exixidos para causar dereito a esta prestación.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.*

Modifícase o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19:

Un. O número 1 do artigo 34 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Habílitase a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para outorgar moratorias de seis meses, sen xuro, ás empresas e aos traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social que o soliciten e cumpran os requisitos e as condicións que se establecerán mediante orde do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, logo de acordo da Comisión Delegada do

Goberno para Asuntos Económicos. A moratoria, nos casos en que sexa concedida, afectará o pagamento das achegas empresariais á cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta e as cotas dos traballadores por conta propia ou autónomos, cuxo período de devindicación, no caso das empresas, estea comprendido entre os meses de abril e xuño de 2020 e, no caso dos traballadores por conta propia, entre maio e xullo de 2020, sempre que as actividades que realicen non se encontren suspendidas con ocasión do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.»

Dous. O número 4 da disposición adicional novena queda redactado nos seguintes termos:

«4. O previsto no artigo 33 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, para as débedas tributarias, resultará de aplicación aos demais recursos de natureza pública, excepto aos recursos da Seguridade Social.»

Tres. O número 4 da disposición adicional décimo quinta queda redactado nos seguintes termos:

«4. Durante a realización deste traballo por conta allea compatible coa pensión de xubilación, as comunidades autónomas ou, se for o caso, o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (Inxesa) e os traballadores están suxeitos á obrigação de afiliación, alta, baixa e variación de datos prevista no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e á obrigação de cotizar nos termos dos artigos 18 e 19 do mesmo texto legal, e non será de aplicación o disposto no seu artigo 153.»

Catro. Incorpórase un novo número 5 na disposición adicional décimo quinta, coa seguinte redacción:

«5. Durante a realización deste traballo estarán protexidos fronte a todas as contingencias comúns e profesionais, sempre que reúnan os requisitos necesarios para causalas, e serán de aplicación o réxime de limitación das pensións, de incompatibilidades e o exercicio do dereito de opción, previstos no texto refundido da Lei xeral da seguridade social.»

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento regulamentario.*

Habílitate o Goberno para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei e, en particular, o titular do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido na disposición adicional terceira.

Disposición derradeira quinta. *Títulos competenciais.*

O disposto neste real decreto lei dítase ao abeiro da habilitación contida na regra 7.^a do artigo 149.1 da Constitución española, pola que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte dos órganos das comunidades autónomas; na regra 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica; na regra 18.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e competencia en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na regra 17.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas.

A disposición adicional sexta dítase ao abeiro da regra 14.^a do artigo 149.1, que lle outorga ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral e débeda do Estado.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor e vixencia.*

1. Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e estará vixente ata o 30 de xuño de 2020.

2. Non obstante, as medidas previstas na disposición adicional terceira manterán a súa eficacia ata que, tras a finalización da vixencia do estado de alarma, se normalice o funcionamento das oficinas de atención e información ao cidadán das distintas entidades xestoras da Seguridade Social, o que se determinará mediante resolución do secretario de Estado de Seguridade Social e Pensións, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

3. Do mesmo modo, as medidas previstas no número 1 da disposición adicional cuarta manterán a súa eficacia ata que, tras a finalización da vixencia do estado de alarma, se normalice o funcionamento das oficinas de atención e información ao cidadán das oficinas de prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do dito organismo, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de abril de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN